

SOBRE A IMPLANTACIÓN DOS CONTIDOS DAS GADUS

INTRODUCCIÓN

Con carácter xeral a guía GADU dunha materia representa o compromiso académico do departamento e da área de coñecemento que ten encomendada a súa docencia a respecto de todos os apartados que se conteñen nela. En consecuencia, serán os departamentos responsables os encargados de velar polo seu cumprimento e a súa correcta implantación por parte do seu profesorado.

Neste sentido, os coordinadores de materias, que son designados polos departamentos, deberán arbitrar as medidas oportunas para que todo o estudiantado matriculado nunha materia poida realizar o proceso de aprendizaxe e avaliación nas mesmas condicións sen existiren diferenzas derivadas da pertenza a diferentes grupos ou de profesorado.

Considérase unha boa práctica que:

- 1.- o coordinador realice un seguimento periódico (semanal, mensual...) do proceso de implantación da GADU, nomeadamente no referido ao ritmo de implantación do temario, aos materiais postos a disposición do alumnado e aos procesos de avaliación continua desenvolvidos. O obxectivo desta práctica é evitar que xurdan e se perpetúen diferenzas entre grupos dentro da mesma materia.
- 2.- o coordinador propoña as accións de corrección que procedan para que a GADU sexa implantada con homoxeneidade entre os diferentes grupos ou polos diferentes profesores, no caso de se identificar neste proceso de control a existencia de falta de coordinación entre grupos ou entre profesores, logo de identificar cos membros do equipo docente da materia sobre as causas que levaron á situación e avaliar con eles as posibles solucións,
- 3.- todos os membros do equipo docente se impliquen de maneira activa na implantación das accións de corrección que sexan propostas polo coordinador da materia.
- 4.- o coordinador verifique no seguimento periódico da implantación da GADU posterior á formulación e posta en marcha das medidas correctoras que o problema foi superado. No caso de que este persista, cumprirá repetir o proceso de avaliación do problema, definición e implantación de solucións mencionado anteriormente.
- 5.- o coordinador informe o departamento que teña encomendada a docencia daquelas situacións onde se identifique un incumprimento importante, real ou previsible, das GADUs para que este adopte as medidas oportunas no tocante ao contido da guía, á composición do equipo ou a calquera outra circunstancia relevante para o caso.